

## II English Literary Contest – Writing fiction

### BASES:



1- Os participantes deben ser alumnos do IES Xoán Montes no ano escolar 2009/2010.

2- Os relatos de ficción deben ser orixinais e inéditos. A temática é libre. A súa extensión será de entre 300 e 500 palabras, e deben estar escritos en inglés.

3- Existen tres categorías e dous premios por categoría:

- 1º ciclo da ESO (1º e 2º da ESO): 1º e 2º premio;
- 2º ciclo da ESO (3º e 4º da ESO): 1º e 2º premio;
- Bacharelato (1º e 2º de Bacharelato): 1º e 2º premio.

4- Presentaranse dous exemplares, en folios mecanografados a dobre espazo por unha soa cara

debidamente numerados e grampados. Os exemplares presentados deben estar asinados cun pseudónimo (nunca co nome real do autor ou autora).

5- Nun sobre grande, introducíranse os traballos grampados. Fóra só deberán figurar o pseudónimo do autor e a categoría na que está (escribir só 1º ciclo da ESO, 2º ciclo da ESO, Bacharelato, non o grupo). Dentro deste sobre grande, ademais, introducirase outro sobre máis pequeno (pechado), co mesmo pseudónimo por fóra, e cos datos do autor (nome, apelidos, curso e grupo) no interior. O sobre grande, con todo o seu contido, entregárase en secretaría.

6- O prazo de admisión péchase o día 16 de abril de 2010.

7- O xurado estará composto por profesores de inglés do IES Xoán Montes. O fallo será inapelable e emitírase o 30 de abril de 2010. O xurado pode decidir declarar algún premio deserto pola baixa calidade dos traballos presentados.

8- Non se devolverán os orixinais. Os autores premiados facilitarán ao xurado, na semana seguinte ao fallo, unha versión dixital do relato premiado para a súa publicación na web.

9- Presentarse a este concurso supón a total aceptación das súas bases.

### PREMIOS (ENTRE OUTROS...)

**1º CICLO DA ESO:** 1º PREMIO: Pendrive de 16 GB!!

2º PREMIO: libros\*

**2º CICLO DA ESO:** 1º PREMIO: Pendrive de 16 GB!!

2º PREMIO: libros\*

**BACHARELATO:** 1º PREMIO: Pendrive de 16 GB!!

2º PREMIO: libros\*

\* cedidos por xentileza das seguintes editoriais:

